

A obra de Francisco Antonio Sánchez García na patria común do soneto

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Breve historia do soneto e a obra sonetística de Francisco Antonio Sánchez García, “Antón de Pepiño”.

Abstract

A brief history of the sonnet, and a critique of the sonnets of Francisco Antonio Sánchez García.

Aruptura co pasado, principio caracterizador das poéticas novas, lévanos a reflexionar e pasar revista a unha forma utilizada sen interrupción desde a súa creación por poetas de diferentes lugares, linguas e sensibilidades. A forma que, como unha patria común, os une, é o soneto, de antiga tradición. Do italiano “sonetto”, co significado de “pequena canción” ou, literalmente, “pequeno son”, foi creada, segundo algúns, no comezo do século XIII en Sicilia por Giacomo Notaro da Lentino, poeta da corte de Federico II, onde era cantada da mesma forma que as tradicionais baladas provenzais e as cantigas medievais galego-portuguesas.

O número de liñas e a disposición das rimas permaneceu variábel até que, no século XIII, un poeta de Santa Firmina, Guittone D’Arezzo, adoptou a que sería recoñecida como a mellor forma de expresión dunha emoción, pensamento ou idea: o soneto guitoniano formado por dous serventesios (ABABABAB) e seis últimos versos con rima CDECDE, ou CDCDCD. Na mesma época, o poeta do *dolce stil nuovo*, Guido Cavalcanti, utiliza xa dous cuartetos (ABBAABBA) e dous tercetos, estes últimos cunha estrutura variábel. Con pequenas variacións, esta forma foi empregada por Petrarca e Dante e utilizada clásicamente coas variantes de cuartetos preferentemente, ou de serventesios nos oito primeiros versos, e con liberdade nas rimas dos tercetos. Os autores sometíanse a un exercicio técnico complicado debido á esixencia de unidade temática e de desenvolvemento completo -o tema concentrárase nos cuartetos e a conclusión aparecería nos tercetos- dunha estrutura fixa e breve que os obrigaba tamén a unha concentración emocional.

Fundada por Giacomo da Lentino, utilizada por Guido Cavalcanti e Dante¹, desenvolta e levada á perfección por Petrarca², e espallada polas literaturas europeas, a estrutura poética iniciada en Sicilia cultivouse como a forma tradicional da poesía lírica. No renacemento italiano utilizárona todos os poetas. Non só os sonetos contidos en *Il Canzoniere* de Petrarca exerceron unha influencia decisiva sobre toda a literatura occidental, senón tamén os sonetos da *Vita Nuova*, onde Dante inmortalizou o amor imposible por Beatriz.

O primeiro en usala en castelán foi o Marqués de Santillana³, aínda que os que a introduciron definitivamente foron Boscán e Garcilaso de la Vega. Moi empregada no renacemento e no barroco, destacou en Diego Hurtado de Mendoza, Hernando de Acuña, Fernando de Herrera,

* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

Gutierre de Cetina, Luis de Góngora, Quevedo, Cervantes, Lope de Vega, Calderón de la Barca. Clément Marot, pertencente ao século XVI, foi o primeiro sonetista coñecido en Francia, onde sería cultivado por autores tan importantes como Pierre de Ronsard e Joachim du Bellay. No século XVI chega da man do tradutor de Petrarca, Thomas Wyatt, a Inglaterra, seguido por Philip Sidney, Spenser⁴, Shakespeare⁵, Donne e Milton.

A implantación do soneto en Portugal débese a Francisco de Sá Miranda, quen tamén o cultivou. Camões, baixo a influencia de Petrarca, Bembo e Garcilaso, conságrase como un dos máis grandes sonetistas. Despois del, poucos poetas portugueses deixaron de cultivalo. Nomes importantes son Bocage, Antero de Quental, Florbela Espanca, Jorge de Sena, Fernando Pessoa. Para Agustina Bessa Luis é *a composição perfeita do sentimento*⁶.

En Brasil, despois dos primeiros sonetistas á cabeza dos cales figura Gregório de Mattos, non deixou de usarse. No arcadismo por Tomás Antônio Gonzaga, e no romantismo por Gonçalves Dias, Álvares de Azevedo, Fagundes Varela, Augusto dos Anjos, e Castro Alves. Olavo Bilac introduciu o parnasianismo nuns sonetos grandiosos e as técnicas simbolistas chegaron aos sonetos de Alphonsus de Guimaraes e Cruz e Sousa.

Pola temática, hai sonetos satíricos, burlescos, sacros, fúnebres e amorosos. Dentro destes últimos, destacan as series dedicadas a unha muller que teñen a súa orixe nas obras de Petrarca e Dante. Modernamente engadíronse novas temáticas que van desde a problemática do suxeito (Pessoa e Florbela Espanca) até a expresión das máis crúas paixóns humanas (Glaucio Mattoso).

Para moitos, o soneto é a forma máis perfecta da poesía e, seguramente por isto, o obxectivo principal dos poetas foi, durante moito tempo, conseguir o soneto perfecto. Ademais, é a composición sobre a que máis se falou poéticamente convertíndose na estrutura metapoética por excelencia. Poetas importantes uniron a teoría e a practica compoñendo sonetos que funcionan como modelos formais. Este é o caso de Hélio Consolaro no titulado “Ao Conde de Ericeyra D. Luiz de Menezes pedindo louvores ao poeta não lhe achando elle prestima algum”:

Ou o de Lope de Vega:

Un soneto começo em vosso gabo;
Contemos esta regra por primeira,
Já lá vão duas, e esta é a terceira,
Já este quartetinho está no cabo.

Na quinta torce agora a porca o rabo:
A sexta vá também desta maneira,
Na sétima entro já com grã canseira,
E saio dos quartetos muito brabo.

Agora nos tercetos que direi?
Direi, que vós, Senhor, a mim me honrais,
Gabando-vos a vós, e eu fico um Rei.

Nesta vida um soneto já ditei,
Se desta agora escapo, nunca mais;
Louvado seja Deus, que o acabei⁷.

Un soneto me manda hacer Violante,
y en mi vida me he visto en tal aprieto;
catorce versos dicen que es soneto;
burla burlando van los tres delante.

Yo pensé que no hallara consonante,
y estoy en la mitad de otro cuarteto;
mas si me veo en el primer terceto,
no hay cosa en los cuartetos que me espante.

Por el primer terceto voy entrando,
y aun parece que me entré con pie derecho,
pues fin con este verso le voy dando.

Ya estoy en el segundo y aun sospecho
que voy los trece versos acabando;
contad si son catorce, y ya está hecho.

O de Carlos Pena Filho

Para fazer un soneto

Tome un pouco de azul, se a tarde é clara,
e espere un instante ocasional
neste curto intervalo Deus prepara
e lle oferta a palabra inicial.

Ai, adote uma atitude avara
se você preferir a cor local
não use mais que o sol da sua cara
e um pedaço de fundo de quintal

Se não procure o cinza e esta vagueza
das lembranças da infancia, e não se apresse
antes, deixe levá-lo a correnteza.

Mas ao chegar ao ponto em que se tece
dentro da escuridão e vã certeza
ponha tudo de lado e então comece.

A partir do século XVIII o soneto seguiu cultivándose aínda que non dunha maneira tan intensa. A recuperación das formas clásicas no neoclasicismo fixo que o soneto formase parte da obra de poetas como José Cadalso, Gerardo Lobo e Meléndez Valdés, en España; e Tomás Antônio Gonzaga, no Brasil. O mesmo Goethe, autor entre o neoclasicismo e o prerromantismo, non deixou de culturalo.

O século XIX é importante para esta composición porque, se ben no romantismo foi pouco utilizada, a súa expansión xeográfica continuou no resto de Europa e do mundo occidental e a finais de século liberouse da rixida formulación clásica. Foron os poetas ingleses do período romántico os que o retomaron: Coleridge e Lord Byron escribiron algúns sonetos, pero sobre todo Keats, Shelley e, un dos máis grandes sonetistas, Wordsworth, aos que seguirían no seu cultivo poetas vitorianos como Elizabeth Barrett Browning, Tennyson, e o pre-rafaelita Dante Gabriel Rossetti.

Baixo a influencia francesa de Baudelaire⁸, Verlaine Rimbaud e Mallarmé a finais do século, auténticos experimentadores nas diferentes combinacións de rimas e medida dos versos, ten importancia o seu cultivo no modernismo hispano. En América Latina grandes poetas utilizaron esta forma. No século XVII chega a México da man de Sor Juana Inés de la Cruz onde, nos séculos XIX e XX, manifesta a súa vitalidade cultivado por importante poetas modernistas como Amado Nervo, López Velarde, e os postmodernistas Salvador Novo e Enrique González Martínez. Baixo a influencia dos simbolistas e dos parnasianos franceses, estes autores estrean o verso alexandrino de catorce sílabas con dous hemistiquios e reavivan o prestixio do soneto xuntamente cos arxentinos Leopoldo Lugones e Leopoldo Díaz, o poeta do Uruguay, Herrera Reising, e o de Nicaragua, Rubén Darío. O momento culminante no cultivo do soneto coincide co tempo no que Hispanoamérica empeza a marcar o camiño na creación literaria en castelán.

O modernismo hispanoamericano introduciu versos de moi variada medida⁹ xunto con outras modificacións, destacando o soneto alexandrino con rima cruzada nos cuartetos cultivado por Rubén Darío¹⁰, poeta que inaugura tamén o soneto de trece versos liberando a forma clásica, que modernamente se fai máis libre, con rimas asonantes. Tamén utilizou o sonetillo, soneto de arte menor, que se remonta ao Siglo de Oro.

O de Edgar Allan Poe

An Enigma

“Seldom we find”, says Solomon Don Dunce,
“Half an idea in the profoundest sonnet.
Through all the flimsy things we see at once
As easily as through a Naples bonnet-

Trash of all trash? –how can a lady don it?
Yet heavier far than your Petrarchan stuff-
Owl-downy nonsense that the faintest puff
Twirls into trunk-paper while you con it”.

And, veritable, Sol is right enough.
The general tuckermanities are arrant
Bubbles –ephemeral and so transparent-

But this is, now, -you many depend on it-
Stable, opaque, immortal –all by dint
Of the dear names that lie concealed within ‘t.

Entre os postmodernistas, encontramos o cultivo do soneto nas voces femininas como a chilena Gabriela Mistral, e nos vangardistas, César Vallejo, do Perú, e Pablo Neruda, de Chile.

En Norteamérica Longfellow e Jones Very mantéñena como forma importante. O poeta ruso Aleksander Pushkin escribe *Eugene Onegin*, obra repleta de sonetos, utilizada posteriormente por Tchaikovsky para compor unha das súas óperas.

As revolucións das vangardas no século XX e a proposta da morte das formas fixas na poesía non impediron que integrantes do movemento cultivasen o soneto, nin sequera no caso de autores tan radicais como Louis Aragon e Guillaume Apollinaire. Tamén destacados poetas premodernistas e modernistas brasileiros como Machado de Assis, Carlos Drummond de Andrade, Manuel Bandeira, Vinícius de Moraes; os portugueses do grupo *Orfeo*, Pessoa e Saa Carneiro; os membros da Xeración española do 27, escribiron sonetos.

En España, despois da guerra, coa aparición en Madrid no ano 1943 da revista *Garcilaso*, dirixida por José García Nieto, trátase de lograr un novo clasicismo fronte ao neopopularismo e aos ismos dos anos trinta; chamouse a este movemento “garcilasismo” pola valoración da estrofa e da rima que levaría a moitos poetas ao cultivo do soneto. Como reacción poética contraria e defendendo a concienciación do poeta acerca da vida e do tempo no que está situado aparece no ano 1944 a revista *Espadaña* dirixida por Victoriano Crémer que, coas preocupacións existencialistas, fixo que a importancia do soneto baixase, chegando a considerala unha forma reaccionaria. A pesar da oposición dun importante grupo de autores que o vían con malos ollos, a posguerra foi unha das épocas nas que máis sonetos se escribiron na historia da poesía española, destacando, na década dos corenta, os excelentes sonetos de Gerardo Diego dominados pola complexidade metafórica propia da súa poesía renovadora.

Neste breve percorrido pola historia do soneto, observamos que está en todas as literaturas e resiste a todos os cambios experimentados na arte poética, manténdose como forma privilexiada no século XX, con innovacións e experimentalismos, en autores tan importantes como Pierre Louÿs, Eliot, Dylan Thomas, Thomas Hardy, William Butler Yeats, Rainer Maria Rilke¹¹, Leopoldo Lugones, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Manuel Machado, os autores da xeración do 27, Borges¹², Pablo Neruda¹³, David Mourão Ferreira, Manuel Alegre, Vasco Graça Moura. Na última década do século publícanse importantes coleccións de sonetos como a francesa, *Liturgia*, de Robert Marteau. E no novo milenio o soneto vive e adaptación á linguaxe directa e nova, establecendo un diálogo coas vangardas ao evitar moitas veces a puntuación, en autores como o brasileiro Glauco Mattoso quen loita pola súa revitalización non só mediante transformacións lingüísticas que orixinan sonetillos silábicos, senón tamén con novas e actuais temáticas. No poeta catalán Pere Gimferrer convive a tradición da forma co erotismo máis descarnado. E volve ás súas orixes de poema para cantar en letras do cantautor Sabina, publicadas tamén en formato-libro, ou mediante composicións musicais para acompañar moitos sonetos de autores como Florbela Espanca.

Desde o século XIX, escribir sonetos constitúe para algúns poetas un xogo onde hai que demostrar o dominio das súas regras e para outros un desafío na tentativa por reformar unha forma tan antiga. Os máis esixentes souberon aportar á rixida disciplina do soneto a peculiar liberdade dos poetas contemporáneos, liberdade limitada porque as variacións non podían ir moito máis alá dos dous modelos tradicionais: o italiano ou petrarquiano, formado por dous cuartetos e dous tercetos e o inglés ou shakespeariano, formado por tres cuartetos e un dístico, a non ser a ampliación da forma cos versos do chamado *estrambote*, a situación dos tercetos antes dos sonetos, os metros irregulares coas rimas aleatorias e a experimentación máis radical, a utilización do verso branco da poesía moderna. Así, a pesar das tentativas de

acabar con esta vella forma, aínda hoxe renace con forza e renovada, dentro dos límites que ela mesma impón, sen perder o esencial para non deixar de ser soneto. A súa pervivencia a través dos séculos leva a moitos a cuestionar o principio caracterizador das poéticas novas que non era outro máis que a ruptura co pasado. Talvez sexa hora de recoñecer que o “novo” en poesía pode ser independente da utilización de formas fixas ou libres.

Só mediante un diálogo comparativo entre diferentes pobos e culturas podemos comprender a evolución do soneto na poesía galega, o noso principal campo de investigación.

Galiza, ao non incorporar o renacemento nin o barroco, debido aos séculos escuros, non coñeceu o cultivo desta forma por carecer dunha literatura normalizada en galego. Pero conserva dous sonetos renacentistas: o “Soneto de Monterrey”, de autor descoñecido, que trata das “parcas”, seres mitolóxicos que tecen os fíos da vida e da morte, o soneto dedicado ao escritor Alonso de Ercilla, con motivo da publicación da segunda parte da obra *La Araucana*, pola Condessa de Altamira, Isabel de Castro e Andrade, e dous sonetos barrocos que figuran no libro *Relación de las Exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reyna Doña Margarita de Austria*: o “Soneto con falda”, de Xoán Gómez Tonel, e o pranto “Respice Finem”, de Pedro Vázquez de Neira. Do século XVIII é o soneto “A Fílida” de Xosé Cornide e Saavedra e o escrito polo Cura de Fruíme, se temos en conta a forma en castelán. Entre os grandes poetas do rexurdimento, sobrevive na obra de Curros.

Será no século XX cando o cultivo desta forma clásica se fará máis intenso. Poetas educados na cultura humanista como Ramón Cabanillas, autor de fermosos sonetos de temática intimista e outros de poesía social e comprometida. Noriega Varela e Crecente Vega, procedentes do Seminario de Mondoñedo e influenciado o primeiro por grandes sonetistas portugueses como Antonio Nobre e Antero de Quental, profesan admiración por este molde clásico. Educados na cultura clásica tamén, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro reservan un lugar importante para o soneto nas súas obras. Antes da guerra e tamén na posguerra escribíronse sonetos, no interior e na diáspora, polos emigrados e polos exiliados. Na lista de poetas, que chega aos contemporáneos, están, entre outros, Avelino Gómez Ledo, Fermín Bouza Brey, Ánxel Xohán, Delgado Gurriarán, Lorenzo Varela¹⁴, Avilés de Taramancos, Xavier Bóveda, Eduardo Blanco Amor, Faustino Rey Romero, Manuel María, Pura Vázquez, Salvador García Bodaño, e mesmo o poeta galego máis vangardista, Manuel Antonio, é autor dun soneto de temática social titulado “O sol da liberdade”.

A pesar da tendencia á irregularidade nas formas métricas tradicionais, acentuada a partir das vangardas, na poesía galega actual dáse tamén a recuperación de procedementos e formas fixas. O soneto é unha delas, cultivado maxistralmente por autores como Darío Xohán Cabana, Xosé Carlos Gómez Alfaro¹⁵, e Miro Villar, autor de sonetos onde utiliza a intertextualidade facendo referencia a outros autores de sonetos como os cataláns Pere Gimferrer ou Maria-Mercé Marçal, e reclamando o hendecasilabo utilizado polo brasileiro Olavo Bilac. Vicente Piñeiro González utilízao con finalidade pedagóxica no libro *Sonetos á xeometría*¹⁶, formado por vinte sonetos, acompañados de ilustracións que representan figuras xeométricas, para demostrar que esta ciencia pode aprenderse de forma divertida.

Betanzos, como a Terra Cha, é lugar de sonetistas. Poetas da cidade ou relacionados con ela escriben sonetos. Xesús Calviño de Castro, emigrado en Buenos Aires, é autor de sonetos en castelán e en galego. Utiliza esta forma nas composicións dedicadas a amigos ou personaxes famosos destacando as súas virtudes e, moitas veces, a capacidade para a loita por un futuro mellor para Galiza. Celestino Luís Crespo e Crespo, autor do primeiro libro de poesía publicado en galego na posguerra, *Brétemas mariñás*, escribe uns sonetos dedicados ás mulleres de

Betanzos, de carácter lírico sentimental. Francisco Vales Villamarín comparte cos anteriores o gusto polo cultivo do soneto, forma que utiliza para falar das festas da cidade e para facer unha homenaxe a figuras históricas ou populares da cidade.

O breve repaso pola historia desta forma tradicional orixinouse despois da descuberta dun descoñecido poeta galego autor dun número considerábel de sonetos en galego e en castelán no primeiro tercio do século XX. E co propósito de divulgar unha obra que constitúe un aporte significativo á literatura galega, e que permanecía descoñecida por non publicar o autor ningún libro en vida aínda que realizou publicacións frecuentemente en xornais e revistas da súa época. Co mesmo propósito naceu o libro¹⁷ presentado na Fundación Caixa-Galicia de Santiago constituído por unha parte da obra poética en galego resgatada polo neto do autor, Aurelio Villa.

Á obra que, na súa totalidade, merece ser editada e analizada, achegámonos con gran respecto e positivamente sorprendidos, nacendo así o primeiro estudo¹⁸, que publicamos no *Anuario Brigantino* do ano 2003.

Francisco Antonio Sánchez García, o poeta de Curtis coñecido como “Antón de Pepiño” e premiado nos Xogos Florais de Betanzos de 1918, compón uns sonetos de valor considerábel seguindo a estrutura formal petrarquista con dous cuartetos e dous tercetos con rima fixa.

A obra sonetística que agora transcribimos reafírmanos na idea de que, a pesar de incorporarse tardiamente á poesía galega, o soneto non deixou de estar vixente desde os seus inicios modernos até os nosos días no século XXI.

Con este primeiro soneto, quizais único na poesía galega, Francisco Antonio Sánchez García sitúase entre os grandes poetas como Lope de Vega, Dante Gabriel Rossetti, Carlos Pena Filho, Edgar Allan Poe que fixeron do soneto unha actividade metapoética.

Un soneto

Aparece o primeiro verso; nel palpita
a idea que a esgallada pruma traza,
o primeiro o segundo presto enlaza,
e o terceiro inda chola non medita.

Case o carto nos miolos non se axita,
cando o quinto saleu e lle dou caza;
logo o sexto co sétimo se abraza
e sale o outavo que o noveno cita.

Surxen noveno e dez en gran liorta,
tras eles once e doce ábrese a porta;
e nin ben da cachola nos curatos

o trece dibuxou a súa silueta,
xa o catorce cumprido co poeta
o soneto cerrou... ¡catro minutos!...

Nos catorce sonetos seguintes que co nome de “Parnaso Gallego”¹⁹ se publican en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires numerados do I ao XIV, canta a grandes autores galegos con esta forma que debe considerar a máis axeitada para facelo:

Rosalía de Castro²⁰

Alma de armiño: Súa sabenza²¹ suma
cristalizou no mundo da beleza:
no ar que rima e canta, e chora, e reza;
no sol alegre e na tristeira bruma.

Das pátreas musas o camiño aluma
coa sacra lus da súa sin par maxeza,
porque o ideal foi fror na súa cabeza
e arte acabado na súa excelsa pruma.

¡Airiños, aires!... Anduriña errante
cruzou o espáceo en alas do mistéreo,
serea diosa sobre o azul trunfante.

E ó armoñoso compás do seu saltéreo,
entrouse un día polo ceo adiante
y é reina agora no celeste impéreo.

Manuel Curros Enríquez²²

Cencia, virtú, bontá²³, nervo, coraxe...
Súa redentora vos, tremando en ira,
cantou ó son da mais valente lira
que ascoitou nunca galicián paisaxe.

Hay no seu verbo esa acritú salvaxe
que fai tremar o mesmo que admira
como apostrofa Curros a mintira
e arroxa o halcón das sombras do boscaxe.

A ignara multitú, que solo esgrime
coitelos de impiedá, chamoulle ateo
xusgando os verso do poeta un crime...

E Curros²⁴, contra o vulgo fariseo,
na «Virxe do Cristal» toca o subrime
y en «Nouturno» fai máis: ¡entra no ceo!

Eduardo Pondal

Apareceu nos eidos brigantinos
unha noite invernala soñando a lúa,
e dende o pedestal da gloria súa
descendeu pra lle entoar unha oda aos pinos.

Da «Campana de Anllóns» os pilingrinos
versos trazou en outra noite crúa,
e xa ao preso en²⁵ Arxel a gloria adúa
coa do bergantiñán dos régeos trinos.

-“¡Adios, adioos!... Na Cruña ou Ponteceso”...
Así trazou, Pondal, a súa derrota,
persintindo cercán o seu deceso:

Con Curros cabo ó mar que a morte acota;
no silencio da aldea co seu preso...
Finou na Cruña e sobre os mundos frota.

Farruco Añón

Ningún dore máis fondo que os seus dores
nin calváreo maor que o seu calváreo.
¡Probe Añón! Unha noite nun osáreo
atopou cos²⁶ seus únecos amores²⁷.

Cautivo dos paxaros e das froes,
foi un triste, bohémeo e perduláreo,
morreu nun hespital... ¡Que coroláreo
pra unha vida de ensonos amadores!

Foi en Madride. A caridá buscouno
e con materno amor do chan ergueuno;
párea mantívoo e xéneo admirouno.

A pátreo non: cando perdido veuno,
sabéndoo tolo, como a tal deixouno
e si morto o chorou, presto esqueceuno.

Alberte Camino²⁸

Musa sinxela do fogar; mimosa
lira dos dioses; voo de anxeliño:
-«¡Eh, eh, miniño, eh... durme ruliño...!»
Durme no colo de túa nai chorosa».

Mais...¿onde vai da túa cariña²⁹ o rosa?...
¿onde aquele teu rire, picariño?
¡Ah!³⁰ «deixáchesme sola, meu neniño»
y «eu morrerei tamén». -¡ Musa groriosa!

Mentres a parca sobre as yalmas neve,
e o alborexar da lus -bico enxendrado
sobre as rosas de amor- consigo leve,

lembrarés, nais, o probe desterrado...
Aquel que todo seu pracer sería
volver á terra «en que tan mal se vía».

Valentín Lamas Carvajal

Era poeta pra non ser quixote;
era de Ourense pra non ter cacume.
Hay nos seus versos tanto amor e lume
como inquietú no peito dun rillote.

Cegou dos ollos para ver³¹ de cote
o mundo aquel que subrimou seu nume,
e non cexou hastra gana-la cume
que ós vates dou o Altísimo por dote.

Entrou no ceo unha mañán loando
na léngua de súa nai –pomba sagrada
que fixo un paro para seguer voando-

as férreas rimas da “groriosa” “Iliada”.
Y alí atopouse co devino grego
cantando o “Catecismo do labrego”.

Xan Manoel Pintos

Foi saltéreo, violín, arpa e laúde
a gaita nas súas maus... Parce que tiña
para manexa-lo folgo da terriña
pauto co Rey da vida e da saúde.

Pero³² unha ves a opresa multitude
paroloulle de coitas e morriña
y el acudeo³³ a socorrela axiña
contra as infames leis da escravitude.

Y entón non eran xa da gaita as notas:
vibracións eran dun crarín guerreiro
capas de arma-lo brazo dos ilotas.

Era Pintos de prumas e de aceiro,
e igoal soupo mima-las vidas rotas,
que tronou contra o zache ferrancheiro.

Aureliano I. Pereira

Colleu nas mans³⁴ un día un fregaduxo
pra limpaxe da terra o podricallo:
o muladar de espiñas e borrallo
que a auscendade en certas prumas puxo.

O lengoaxe³⁵ da lus, nervoso³⁶ e bruxo
foi no seu estro fror, perfume e mallo
pra zorregar nas costas do esterco
que veu no idioma pátreo un ananuxo.

Da léngua celta³⁷ o máis felís consorte
no trono da enxebrés texeu seu niño
ollando o Norte sempre, sempre o Norte.

Pero unha ves perdeuse no camiño
e foi caír³⁸ de España a vila e corte
e alí morreu do mal de ve-lo Miño.

Alberte García Ferreiro

Alguén quixo enqueixoalo ó velo iñerme
frente os «áureos» cangrexos da baralla;
esa indouta lexión que en todo escalla
ollándoo todo coa súa lus de verme.

Alguén quixo matar súa grórea en xerme,
e sobre ela caíu malla que malla,
sin entender ¡ah enxendo entre a morralla!
que non hay groria³⁹ que de si non terme.

Iba Ferreiro sobre o seu Pegaso:
subía a encosta que o levou á groria,
cando a inxustiza lle saleu ó paso

Mais porsegueu: a fe, súa executoria,
chegouno á mesma cima do Parnaso
pra que non sofra error a pátreo historia.

Teodosio Vesteiro Torres

Para encerra-lo seu xigante espírito
parceulle a vida o cartafol dun neno.
Tiña que ser: o mundo é muy pequeno
para conter as ánsas do infinito.

A relixión, da que era fel audito,
fixéralle entender que a carne é ceno,
y el, prá yalma librar de tal veneno,
a súa carne inmolou... ¡Estaba escrito!

¡Ay do infelís mortal a quen embruxan
as aladas visións con que á beleza
subriman os que ó ceo de cote atruxan.

¡Ay do que leva un mundo na cabeza
si os própeos nervos a súa vida empuxan...
¡Ay dos tristes que cantan súa tristeza.

Urbano González Varela⁴⁰

Pois señor... Ou estou eu alevado
pola máis viva e fonda simpatía,
ou, González, no imperio da poesía
ten o seu trono en xustiza conquistado.

¿Non saleu do seu estro dilicado
esta «Ela» xeneal que ó sol nos guía,
en que o esforzo da humana fantasía
parece tere seu termo sinalado?

Namentres brile o excelso, e se non borre
da lista universal a propaganda⁴¹
de nosos trunfos, que as nazóns recorre,

Urbano mandará, porque «Ela» manda...;
que a carne humana doise cansa e morre:
o espírito non, que se eterniza... E anda...

Antón Rey Soto

Vai –lle dixo o Criador- e alegre canta
as gorias⁴² de túa nai, que son as miñas;
xa que en voo ganache ás anduriñas,
que subrime teu voo a irexa santa.

Vai, meigo, vai... O espírito levanta
do povo hespán⁴³. As musas que aloumiñas
contigo son, pois saben que adeviñas⁴⁴
onde a estrumeira pon a súa estulta pranta.

Vai, escollido meu, que abondas solo...
Sábeo no ceo e no mundano lego,
soña e resoña de túa nai no colo.

Si en tantos sigros de escrudío cego
non lles dixo ninguén quen era Apolo,
vai e díllelo ti: ¡Apolo é crego!

Ramón Cabanillas

Dexergueu⁴⁵ dende lonxe as verdecentes
celtas herdás que o sol xamais escalda,
e mandoulle á terriña unha grinalda
que texeu cos salayos dos ausentes.

Recolleu no seu estro os verdecentes
doridos ais dos que a morriña balda,
e chorou sobre o rosa volto goalda,
que esto fai o desterro nos doentes...

Galicia, tenra nai, ¿quen che diría
que a do tolo inmortal de Celanova
noutra musa xeneal encarnaría,

e que esa musa, xeitosiña e nova,
os botóns das súas froles abriría
onde a Curros boscou a morte loba?

Alexandro Miguéns Parrado

“Pésanme os anos, meu sinor; vou vello
e pido descansar”. Dios, sempre xusto,
ouindo a Apolo, respondeu: Inxusto
fora non che atender, mais un consello:

Posto que deixarás de poñer rello
a eses ganduls que riman que dá susto,
elixe un sucesore do teu gusto
que sexa coma ti da groria espello.

-¿E onde atopalo habrei? –Galicia sabe
ter cantores xeneals. Previllexeado
nasceríalle algún. –No certo cabe...

Y é verdade que o ten: un desterrado
de azuis pensares e carreira de ave.
-¿Qué se chama? -¡Siñor!... ¡Miguéns Parra-
do!

Que o soneto era a forma máis apropiada para homenaxear os amigos e personaxes importantes demóstrao ao utilizalo continuamente con esta finalidade. Ademais dos publicados baixo o título de “Parnaso Gallego” en *El Eco de Galicia*, escribe os seguintes que poderían agruparse nun conxunto que el denominaba “Craros homes de Galicia”:

Alexandro Miguéns Parrado

Sobre os ombros a crus; sobor da frente
unha meiga deidade, unha rayola
dos lumiares do ceo; drento da chola
os misterios do nume omnipotente.

Artista, soñador, craro, vidente;
¡subrime mago!...Na moleira tola
sente o ideal de pradisíaca frola
e a senetú de Adán impenitente...

Sente queixarse o mar; xemer o río;
sente da terra a máxica beleza
morrendo en aras de sopor impío...

Pero nada lle causa máis tristeza
que o curazón que palpa e sente frío
e o volcán que lle ferve na cabeza.

Eladio Oviedo y Arce

¡Galicia, miña nai! Ningún entorto
pertendo endereitar cando así falo:
como en Noya morrera el tras dun balo,
e ti queda... ¡Si fose algún aborto...!

Non coides, non, que ó amor materno eisorto
por te mover siquera a recordalo;
pois quen nunca na vida soupo honralo
non ten dereito pra o honrar despois de mor-
to.

Malandrés e follós, parias da idea
que, chismeiros, a patria convencedes
de que fume namais é a lus febea,

¿como, graxos inmundos, non habedes
de caer sobre a carne que cheirea
xa que ó sol achegarvos non podedes?...

J. M. Riquera Montero

Cheiroulle a podre no lengoax celeste,
e pormor dil o mal desradigando,
limpou e relimpou; sigue limpando...
e hase ver nelas pra acabar coa peste.

Busca que a ciencia coa ñoranza teste
por ve-la lus sobre a negrur trunfando,
e así no logre, ha de seguir mallando
con cantas forza-lo Criador lle empreste.

Indes aberto o afán que se desvive
en ánses de saber..., do ceo recibe
a craridá que a lus na soma espalla.

E unha felís encarnazón do idioma
que honrando a Atenas non esquece a Roma,
pois que por Roma e Atenas pensa... e malla.

Bosquexo

Manuel Castro López

Dalgún morto xenial seguindo a pista
pra revelar a súa existencia ós vivos,
escallando entre o polvo dos arquivos,
quédase calvo e vai perdendo a vista.

Mais leva a chola de saber provista,
e da cencia nos eidos emoutivos,
non hay secretos ó seu nume esquivos,
nin hay misterio que a súa fe resista.

Da hestórea celta tenro namorado,
nela traballa con fervor sagrado
facendo ás sombras fúlidos lumiares;

e arrincar sabe ás tombas esquencidas
a lus eterna de apagadas vidas
que alcende e pouosa nos nativos lares.

In Memoriam

A José M^a Fernández Pena

A linda rula do teu mimo tolo
rompeu do amor a dilicada sebe,
e en negro instante, pró cariño breve,
voou ós ceos e deixou solo.

Cal picariño de súa nai no colo
durmeuse en brazos da treidora aleve;
pero sintiu entre a friaxe da neve
da enfenetude o mimosiño arrolo.

Pombiña eiquí, no ceo estrela agora
estende o foco de súa lus potente
sobre o seu ben que, ¡malpocado!, agora...

Mais pra consolo do amorriño ausente
como afanando a xusticiera hora
parece que lle dixera: «Vente, vente...»

Rodrigo Sanz López

Norte do Labrador, músico recio
que rompe o coiro polo esforzo hinchado;

verbo de redenceón, verbo sagrado
que couda ó zacho embaucador e necio.

Sanz é a Galicia o que o inmortal helvecio,
Guillermo Tell, foi ó seu povo amado:
o ídolo heroico á terra consagrado
pola librar da infamia e o menosprecio.

“Leader” lle chama a multítu que o adora;
que en ocasión o encolga dunha entena
e ó mesmo tempo esa vileza chora...

¡Almas sin fe!... Si Cristo vos apena,
¿Por qué seguís de Xudas a treidora
ley que coa yalma os corpos envenena?

A Manuel Curros Enríquez⁴⁶

Tornou á pátreas o vate das tenras melodías
o que en xeniales versos cantou as grorias nosas;
de novo o chao tripando tal ves soñaba en rosas
que lembrar fixéranlle pasadas alegrías.

Pero ¡ay!. Esconsolado ver puido en poucos días
que as froles que lle ofrecen son murchas e espiño-
sas,
das que arrincar á lira fan notas tan queixosas
como as que entoou o poeta nas súas melancolías.

Que, anque Galicia tivo croas para súa frente
e rey das pátreas musas o procamou o pobo,
eu, como tantos outros, vin con door profundo

ó *vate fortuna* coller o fol de novo,
e tras unha olladiña de amor á nai doente
salir con el ó lombo, cara o lontano mundo.

Xulio Davila⁴⁷

Ortigueiréns. Súa linda Dulcinea
pode confiar no brazo que a defende:
seu gran Quixote é dos que non se renden
e ten⁴⁸ do amor a máis cabale idea.

Novo Ulises fuxeu pra⁴⁹ terra allea
por ver máis preto a que o seu nume alcende...
Sagrada frol que a lus do sol recende,
pide un Homero máis para outra Odisea.

Cando el de Troya fala os dons supremos,
si loua maino⁵⁰, ou fero en ira esprota,
Quixote ou⁵¹ Ulises nun istante o cremos.

Pro haivos⁵² tal deixo na súa fe devota,
que nos move a escramar canto nel lemos:
¡máis galego⁵³ ninguén, nin máis patriota!

Manuel Murguía⁵⁴

¿Esquencido? ¿Verdá?... ¡Canta miseria!
Mais eso nunca ha rebaixar seu mérito:
Sob o libro da historia sempre aberto
Verteu el todo o sangue da súa arteria.

¡Esquencido! ¿Que máis?... ¿Cando a materia
creu dos dioses no destino certo
se⁵⁵ nega a lus no uñiversal concerto
e o mesmo Dios o xusga unha quimeria?

¡Esquencido!... E inda máis⁵⁶: tamén negado.
Porfeta galicián, negouno un Xudas
proponéndollo⁵⁷ en venda ós do mercado...

Pro⁵⁸ como a fe non ademite dudas,
deixounos ó Herodoto consagrado;
morta a difamación; as linguas mudas.

Escribe tamén sonetos de temática variada como o que transcribimos a continuación que fala da emigración e dos desertores da terra propia.

Nada importou⁵⁹

Aquel xigante que amansou a serra;
aquele titán de carnes abrasadas
polo sol e polo helo acoiteladas,
volveu as costas e picou da terra.

No chan extrán onde sin vagar erra,
soña que están de toxos tapizadas
aquelas serras, en que el veu pintadas
totalas coitas que a tristura encerra.

Tamén sobre a emigración é o seguinte onde o pai dá consellos ao fillo que está lonxe da terra nai:

Pra meu fillo⁶⁰

Aforra canto poidas, e boa sorte
por eses mundos, fillo, Dios che dea;
pensa canto antes retornar á aldea,
sin esquencer que che paguei o porte.

Si che piden prestado faite o forte,
non deas ós viciños nin candeas;
di que non hai máis lus que a que alumea,
xeito felis para que o teu pran non aborte.

Eladio Rodríguez González

Poida ser... e verdá... poder ser, pode...
que el non sexa a lumieira a quen imita.
Pero ben: cando a cousa se medita...
agarde, meu señor: non se incomode.

Si vosté da morriña se sacode
e ó craror do seu nume se limita,
verá que o patrio idioma resucita,
pois da lus ó recramo a lus acode.

Non se deixe arrastrar pola corrente.
Algúns levan no figado as ideas
vosté, meu cantor, lévaas na frente...

E si ha se-la súa musa a das aldeas,
¿por que diaños vosté non ten persente
que as súas rimas son dinas das alleas?

Eu vino desertar; chorando e rindo;
a yalma posta no tarreo estraño;
este alabando e o própeo maldecindo...

Dinme que el bebe a fel do desengano
mentres a fera serra está decindo:
¡faise xigante en min calquer anano!

Mete no Banco todo o teu diñeiro,
non fagas caso de ningún larpeiro,
pensa que canto tes é canto vales;

pois se os consellos que che dou ascuitas,
verás que libras ben totalas loitas
e moi felis nos teus trafegos sales.

E a resposta do fillo:

Pra meu pai⁶¹

Débolle a Xan do Crego vinte pesos,
e mil reás a Pepe das Maceiras,
catro mil máis a Antón das Carballeiras,
e outro piquito ó torto dos Codesos.

Xa sei que ha de pagarme estos ascenos
aunque sexa vendendo catro leiras,
e arrínqueme das terras extranxeiras,
onde loito coa sorte sin progresos.

A cara triste da emigración está presente tamén:

Xan Fandiño⁶²

Pediulle un día a bendición ó crego,
Xan de Fandiño, labrador honrado;
vendeu os bois, abandonou o arado,
e ó novo mundo foi, buscando achego.

Traballou sempre con empeño cego,
e tras dez anos de loitar cansado
lonxe da pátreas; sin salú, esfameado,
e case en coiros, volve ó chan gallego.

A temática da emigración cun sentimento de profunda saudade, e sorprendente final pragmático:

Anduriña

Anduriña que voas cara ós lares
onde alenta a ilusión da miña vida,
onde amorosa, triste e compunxida,
pensando en min a pobre chora a mares.

Ti que vas para onde entoa os seus cantares
aquela virxe polo amor firida,
¿por que non has de ser, pomba querida,
a mensaxeira fel dos meus pesares?

A vida na aldea e a explotación dos labregos están plasmadas no soneto seguinte:

Na aldea⁶³

Pola mañán cediño, ó lombo cos ranqueiros,
cara ó monte os labregos, de frío tiritando,
marchan ó seu trafego, pra arriquecer suando
as uchás que xa cheas rebousan dos larpeiros.

Namentres os señores, cal onte priguiceiros,
hasta que a cantar tocan, na cama van tirando,
e deste xeito as rendas ós infelís cobrando
coa concencia xustísima de nobres usureiros.

De América xa estou hastra os fociños,
si non botan de min man os viciños,
de fame como un can, nela oubeaba;

e rógolle non olle con carraxe
que lle pida diñeiro pra o pasaxe,
pra tornar ó sucucho donde estaba.

Cando entrou pola aldea, Xan Fandiño,
falaba desta sorte muy baixiño
e suspirando con door profundo:

¡terras novas!... para elas non correran
tantos gallegos, si cal eu souperan
a caterva de Xans que hay polo mundo.

Cando chegues alá, rula inocente,
si ves aquel conxunto de feitizos
esmorecendo polo amor ausente;

si acariciares seus cabelos rizos,
faielle, de parte miña, este presente:
¡que me mande dúas latas de chourizos!

É inverno: aló na aldea zumbando o vento frío
con impracable furia azouta as carballeiras;
pola abundante chuvia perdeu seu cauce o río,

queimou as sementeiras con impiedade a xeadas,
tristeiros vendo ós donos, ladran os cans nas eiras,
e ós que estoupan de cheos non lles importa nada.

Poesía social que chama á forza e á unión para conseguir a liberdade:

... E cantaban...

En arrosos queimantes polas veas
sinto corre-la sangue redentora;
algo me di que está soando a hora
de limar barras e romper cadeas.

Nunca escallei no lume das ideas
con máis pracer nin máis tesón que agora,
pois nas ondas da lapa fulxidora
vexo frota-la ialma das aldeas.

Reivindicación de Galiza e da nai España:

Alma Gallega

Non quero libre ser se a miña sorte
ha de facer a miña nai escrava;
se algún sóñame ver da Iberia traba
ese pobre ninguén merece a morte.

¡Ouh, nai España, meu grorioso norte!,
oxe inda o seu carro a tradición me arraba,
¿podo culpar a nai que, forte e brava,
me insinou a ser brava e a ser forte?

Proclamación da liberdade en todos os sentidos:

Fuxindo⁶⁴

-¿Vosté na sancristía xa non come
no medio das santiñas e os santiños,
nin bebe hasta botar polos fociños
cal fixo un ano fai por San Xerome?

-Non teñas medo que eu a peito tome
o que preguntas ti; dos meus trelíños
ben sei que ó cabo estás; mais ti e os viciños
han saber, que de crego fixenme home.

Consellos á xuventude:

Á xuventude galega⁶⁵

Ti non debes dar todo por ben feito
nin encoller os hombros; nesta idade
o renglón premeiro é ¡liberdade!
e o segundo: razón, pátreas e dereito.

Por estas catro cousas, loita a oito
hasta alcontrar a anseada realidade
e, cando esparza o sol a súa craridade,
ensancharase a yalma no teu peito.

¡Miña montaña! ¡Madanela triste!
¿Que lume novo nas túas fribas arde,
cando o teu corpo tales chagas viste?

Unión e forza, sin facer alarde;
veña o que veña o corazón resiste
e se alguén di que non, ¡morra o cobarde!

¿Culparche a tí?...¡Xamais! Sólo a malicia
pode ó vento espallar esta miseria:
renovación a base de inxusticia.

¡A galega nazón! Leria e máis leria...
¿Por que no ha ser Iberia para Galicia
coma quer ser Galicia para Iberia?

A sotana colguei, tirei coa pucha;
merquei este sombreiro Mazzantini,
queimei dos libros os caixóns e a ucha;

e agora forte berra a humanidade,
o mesmo que onte fixo o gran Manzini:
¡Escolas, libre culto e liberdade!

Nova xeneración, surxe valente,
que para ti ten reservada a sorte
os loureiros, as palmas e as coroas.

Que durma a tradición sono de morte,
namentres que ti bota-la semente
pra recoller o froito que ambicioas.

Consellos a un usureiro:

Aconsellando a un usureiro

Bóteme a bendición, señor abade,
que xa por moito que coa morte loite,
non vivirei máis que esta mesma noite,
nin hei ver de outro día a craridade.

Si non ma quer botar, chame outro frade
para que os meus pecados el escoite.
Non morras Xan, por Dios, home oite...
morrer agora é unha calamidade.

Canto á terra galega:

A terra miña⁶⁶

Todo de ti me fala: o mar, o vento,
os camiños, os paxaros e as frores;
ollo a terra pra ver os teus doores
e no ceo penso ver teu pensamento.

Mentras chora o divino firmamento,
cando o sol nega á terra seus clarores,
temendo, terra miña, que así chores
ay!... misturo co teu meu sentimento.

Galiza aparece nos soños dun eu poético cheo de saudade:

Soñando⁶⁷

Vina ben: sobre a fronte anacarada
o cabelo en desorden lle caía,
e unha meiga rayola de alegría
no rostro angelical tiña pintada.

Nos seus ollos de diosa enfeitizada
unha luz do infinito se ascendía,
e cando os roxos beizos entreabría
somellaba o surrir dunha alborada.

Nun conxunto de cinco numerados, dedica un soneto a cada unha das provincias galegas;
o quinto é un canto a Galiza⁶⁸:

A Cruña

Por vilas e cibdás anda o teu verbo
feito oración na boca do meu povo,
e hastra os uzales onde acouga o lobo
chega o viril empuxe do teu nervo.

O ceo ten un precio moy subido;
a groria non é cara; pero a groria
según o noso obispo, non val nada.

¿Queres faguerte dino da túa historia?
Morre, e colle pró inferno; é divertido:
darás o mellor fin á túa xornada.

Pero, ó fin, haste erguer altiva, forte,
cal raxo que rachando as grandes nubes,
ó caer na terra, semente espanto e morte.

E ollarei como tremban as guedellas,
namentres altaneira á groria subes
dos que fan co teu manto cribas vellas.

Vina ben: tensamente aloumiñoume;
na testa con paseón ela bicoume;
eu a yalma lle din nunha caricia.

¿Quen era? O corazón xamais me engaña;
era a filla layal da nobre España,
a nai do meu amor: ¡era Galicia!

Pra lle falar de redenceón ó servo,
fíxache na túa pauta un credo novo,
que foi para o labrador devino trovo
y eterna maldición pró afán protervo.

Por vilas e cibdás.. Ruxe, Orzan, ruxe...
fala ós gallegos da salú moderna,
mentra-lo podre nos cimentos cruxe.

Rima, coloso, a tua canceón eterna...
que a Cruña ten, pra que ninguén te luxe,
mulleres rosas e varós de cerna.

Lugo

E ti, fidalgo montañés que embrazas
o férreo escudo e brande-la tizoa,
sempre en defensa da verdá, que loa
o áureo camiño que a túa sorte trazas.

Tí que ás coluas do ideal te abrazas
en-ars do ensono que a túa fe coroa
y estendes puro sobre a serra e a Ulloa
teu pensamento que enxamais desfrazas...

¡Lucus Augusta! Se ensoentes muros
acotan a túa vida, ¿quen non sabe
que ese teu resurxir, sobre os escuros

marcos da tradeceón, é voo da ave
que se deleita nos espáceos puros
porque no mundo terreá non cabe?

Ourense

Nume agosto, sereo; santuáreo
en que o trono sentou o meigo Apolo:
¿Que palpita, que ferve no teu mirolo
de mago soñador e visionáreo?

¿Quen eres, que da vida no escenáreo
non cabe?... ¿Quen es ti, subríme tolo,
voando cara ós ceos da fe no colo,
pelengrín entre nubes de incensáreo?

¡Quen es ti!... que o pergunte quen che nega,
musa nobre e viril, a excelsitude;
quen de ti e dos teus vates arrenega.

Que o pregunte a gallega ingratidade:
a inxusticia que en ti decote brega
e a envexa que a praxearte presto acude.

Pontevedra

Búcaro azul en que o devino ofrebe
puxo cincel e numen a profía;
obra sen fin da excelsa fantasía,
groreando un mundo espritoal e breve.

¿Quen a cantar túa maxestá se estreve,
fonte de lus, de encanto e de poesía,
se non lle empresta a tola Rosalía
todo o caudal da súa dantesca frebe?

¡Búcaro azul! Cando nos teus sagrados
beizos recibo, de praceres cheo,
as rosas dos teus bicos perfumados,

penso nos que se van. . . Y é que non creo
na sorte dos teus fillos desterrados,
porque ó deixarte a ti ¡deixou o ceo!

Galicia

Prena lus. Do seu trono Deus descende
pra avrigoar da devina arquitectura
a suma prefeuceón; sobre a llanura
dun povo maravilla a vista tende.

Nun lóstrego de amor, que as nubes fende,
cabalando o Señor, o paso apura,
e ó chegar cabo a nai da fermosura:
-¡Miña terra! -excrárou- e viaxe rende...

O nume do Criador do pelengrino
viaxe parola o ceo. Rima o Devino,
loando así do povo celta as galas:

Frola sen par; cheirumes; soave crima:
obra de Dios que o mesmo Dios anima;
coitas no corazón; lume nas alas.

O amor por Galiza, tema recorrente, aparece
no seguinte soneto sen título:

Vina ben: sob a frente anacarada
o cabelo en desorden lle caía,
e unha meiga raiola de alegría
no rostro anxelical tiña pintada.

Nos seus ollos de deusa enfeitizada
unha lus do infinito se alcendía,
e cando os roxos beizos entreabría
somellaba o surrir dunha alborada.

Vina ben: tenramente alomiñoume;
na testa con paseón ela bicoume...
¡A ialma lle din eu nunha caricia!

¿Quen era?... O corazón nunca me engaña:
o gran pilar da xigantesca España,
a nai do meu amor: ¡era Galicia!

O amor pola terra natal vai unido coa devoción á Virxe de Teixeiro:

Á Virxe de Teixeiro

Eu son aquel, ouh nai, que no desterro
funme esquecendo do teu doce nome;
eu son aquel que, neno e despois home,
dun erro fun caíndo noutro erro.

Faloulle á miña a máis virtosa dona
que humanos ollos viron, nin soñaron
místicos xéneos nin dantescos numes...

Mais non... A cera non se troca en ferro,
que cando a duda o corazón consome,
non falla a fror que o noso peito asome,
sí hai unha vos que dé á conciencia un berro.

Unha muller con deixos de Madona,
en quen tódolos does se axuntaron:
o sol da vida e os etéreos lumes.

Neste canto á terra natal, o eu poético compárase co carballo da Virxe que, coma el, coa fronte erguida, olla o ceo:

O carballo de Nosa Señora de Teixeiro

Nobre titán, xigante Prometeo,
de cérneos múscols e suaviño samo;
do meu recuncho espiritual recramo
en tres sécols ou máis de vida arreo.

Porque vives como eu: a fronte ergueita;
o corazón morrendo de saudades
e a ialma, en forza de sufrir, desfeita.

Eu, que na humán fraternidá non creio,
vello carballo, meu irmau che chamo,
e ando texéndolle á túa croa un ramo,
porque vives como eu: ollando o ceo.

Porque es como eu: felís nas soedades;
que nin o fero vendaval te deita,
nin te dobra o bramar das tempestades.

A descrición dunha paisaxe natural familiar intimamente unida ao amor maternal:

Bicos

Baixo as mestas pereiras do seu horto frofido,
miña nai, desberzando cos cóbados está,
e o sol de ouro do maio, como amante rendido,
un mimoso biquiño na aura fronte lle dá.

Redor o está os encantos do paisaxe latexan...
aletean pombiñas, paxariños gorguean;
ceo e terra se funden nun divino crisol.

Tangue o vento a súa yarpa, pondo un meigo ruído⁶⁹
de unha música leda⁷⁰ no verdor da soedá
e de envexa parouse, dando un fondo xemido,
por chegar derradeiro pra bicar a beldá...

E calquer que a beleza coa beleza compare,
¿Verá estrano que o vento diante a grórea se pare
nin que a grórea na fronte lle dea bicos ó sol?

Os dous sonetos seguintes constitúen unha unidade temática co título de “Desfrazada”:

Desfrazada⁷¹

I

¿Quen che puxo na chola ese sombreiro?
¿Quen che mercou un traxe de tal seda?
Fuxe cabo de min... líscate... arreda,
que inda o antroido non vén hasta febreiro.

¿Carafio! se os meus ollos non o viran,
nunca o creera anque mo repetiran.
¿De señorita tí? ¿Vállache o diaño!...

¿Non ollas que o teu corpo churrusqueiro
con ese traxe encalfurnado queda?...
¿Desfrazar unha xoya que aromada
un anaco de ceo posto en Teixeiro!...

Solamente faltaba á miña sorte
esa novedá máis. ¿Acaso a morte
non é preferible a tanto desengaño?

II

¿Desengaño? ¿Non é vivir no inferno
ver como fuxen as esperanzas nosas,
toxos coller onde semeamos rosas,
sentir no espírito asolador inverno?

¿Non hachar por ningures no paterno
chan as subrímes tradicións groriosas,
aquele exemplo das costumes nosas,
fillas leás do corazón materno?

¿Desengaño? ¿Non? é croel, sin nome,
ver derribar canto encastela o home,
vagar sin ilusión, sin fe, sin rumbo?

-¿Ti que parolas, Xan? –Non falo nada;
pois desde que te vexo desfrazada
leveí na vida o derradeiro tumbo.

Consoladora filosofía da vida onde sempre hai quen vive mellor e tamén peor:

Soneto⁷²

Se á testa dos humanos asomara
das virtúdes e maldás os pensamentos,
e na testa a impresión dos sufrimentos
ou dos praceres cada cal levará;

se na cor cada rostro reflexara
o que pena o mortal en seus adentros;
se os que parcen queixosos e contentos
amodo e con xusticia se xugara;

se as almas todas libres se volveran
¿que compaseón e lástema nos deran
moitos que agora con envexa ollamos!

Porque no infelís mundo en que vivimos,
sempre hay quen ría máis do que rimos,
¿sempre quen chora máis do que choramos!

Na mesma liña, o seguinte soneto manifesta que a esperanza prevalece a pesar das adversidades:

Fe

Veu a rarura das marelas meses,
e a unha lexón de vermes comparando
as espigas, que move cifre bruando,
máis que os seus fillos, alembrou súas reses.

-¿Perdido e nada mais!.. Meses e meses
sin pan a xente e sin fariña o gando
turra que turra por mor de ir termando
da casa, da familia e dos intreses...

E non chorou. - As vacas, sen sostento,
na corte sin estar sin un limento;
a coseita de hogano ben se vía...

¿E inda surreu coma surrí a inocenza,
pormeténdolle ós deuses ter pacenza
e que mentras poidese termaría...!

Poesía metafísica onde están presentes as preguntas sobre a vida:

¿Por que?...

Teño mágoas no peito, mais non ei de choralas
pois do mal que me eu doyo non lle importa a ningún;
non queixándome nunca fago aforro de falas
e aforrar certas cousas séntanlle ó home muy ben.

Corazón que padeces, ¿Por que sofres e calas?
¿Quen acota teus eidos? ¿Que deidá te detén?...
Paxariño inocente ¿Por que prega-las alas
cando a voar te convida canto o mundo contén?

Alma-lus que afondando na mundana comédea,
no atopache máis dore que o door que te asedeas,
nin máis fondo sofrirte que o teu fondo sufrir.

¿Por que enérxeca e brava te persentas na loita?
¿Por que a risa redobras ó agrandarse a túa coita?
¿Por que pensas que a vida solo é cousa pra rir?

Saudade pola tradición que se vai perdendo:

Vida...⁷³

Canta, canta por Deus, xenial cantora,
non esmorezas, non, gaita parreira,
pois remembro con vosco da premeira
edá, lumiares de lontana aurora.

Máis amodo, parexa bailadora,
que, ó compás desa máxica muiñeira,
estou vendo a Galicia verdadeira
das enxebres costumes de noutrora.

Hoxe, que os aturuxos e os cantares
non alegran como onte estes lugares,
agora que salaya o noso peito

pola groriosa tradición perdida,
ante este cadro magistral de vida,
¡como resurxe o corazón desfeito!

Contra as falsas crezas enxendradas pola ignorancia no pasado:

Foron tempos...

Mente aquel que vos conte que lle teme á Estadea
o labrego a que outrora a Compañía asustou;
que abrasada-las fadas polo lume da idea
derretíronse todas, e nin unha quedou...

Mente aquel que vos diga que inda soñan na aldea
con meigallos e sagas que a ñoranza forxou;
si algo soñan os agros é coa morte de Astrea
e no croel desamparo en que a diosa os deixou.

Xa non leva a curuxa os espasmos ás almas;
onde o medo foi dono, xa o ideal bate palmas,
descollendo trunfante súa ouriflama de fe.

¿Que inda soñan?... ¡Mintira!... Desque a raza madrugara,
¡hai que ver con que gracia certas cousas refuga
e se ri dos imbeces que inda pensan que as cre!

A pena da nai pola morte do fillo no soneto dedicado a Urbano González Varela:

¡Ela!...

Caiu, tras fera e misteriosa duda,
sen corpo case, mais ca yalma enteira;
caiu como unha fror na primavera
ó premeiro sopro de ventisca ruda.

Eiquí unha lira xustifica muda
que nos cantou a copra derradeira;
alí unha nai esmírrase tristeira
pola túa traición, ¡morte sañuda!

Aquel que se ispirou en Dante e Apeles,
que ora pulsaba a lira, ora os pinceles,
aló, nos ceos, por Galicia vela.

E a nai que onte lle deu vida e amores
lévalle hoxe á cobiña frescas frores
e en cada folla pódese ler: ¡Ela!...

O humor aparece no seguinte soneto, onde o eu actúa de narrador e introduce unha escena dialogada entre dous tipos populares que acaban mal:

Sonetos de o de sempre

Non e certo. ¡Carafío!, non me amoques,
porque é sabido: na comarca enteira
sólo hay us beiladores de muñeira:
son de tra-lo Bocelo; son de Toques.

-¡Así me fenda un rayo!...
-Non estoques;
pra saber como a carne se peneira,
nin é mester falar desa maneira,
nin que as iras do Altísimo provoques.

-Eu falo así...
-Así tamén parolo...
A pouco un apareceu cun brazo ó colo
e o outro cunha perna médeo arrastro.

Escusado é decir que se entenderon:
nin meiciñas nin médeco quixeron
e.. .marcharon os dous curarse ó Castro⁷⁴.

O humor aparece no seguinte soneto estruturado tamén como un diálogo:

Sentimento⁷⁵

¡Ora o diaño!... ¿Que tés? Choras. ¡Coitado
estás louco, ou volvéuseche o miolo?
¿Quen demoño te entende? Falas solo,
e fas cousas dun tolo rematado.

Picoute alguntra abella condanado!
¿ou salíronche as meigas? Ai: meu rolo,
eu óllote perdido e todo tolo
vai camiño de Conxo de contado.

Pero ¿que che sucede? Estás doente?...
ten en conta o que parola moita xente
desa que nunca pode estar calada...

Para enxugar as magullas dáte xeito
e pousa en min as coitas de teu peito:
-Morreu a sogra e non me deixou nada.

Crítica aos poetas que desprezan Galiza:

Nada⁷⁶

Poetiñas, como eu, de carne e óso
que tragués aloucado a medio mundo;
¿Por que non espicás ese iracundo
¡bah! que do fondo sal do peito voso?

¿Por que ó parlares deste chau hermoso,
en xérmenes de vida tan fecundo,
amostrás un despreceio tan profundo
pola nai e o seu nome xeneroso?

¿Quen sodes, criticós, faltos de idea?
Será o mesmo que vosco quen vos crea,
enfames detractores da xusticia.

Mais ¿que importa? Nin bultras, nin despreceos
nin daldiciós de mercaderes néceos
nunca te firirán, ¡nunca!, Galicia.

Crítica a determinados poetas que non merecen o nome de “vates”:

A un vate

Son os teus versos, que a ñoranza prémea,
viles enxendros que a razón refuga,
y eses prumistas que o teu xéneo aluga
sanguales son tamén, país da burrémea.

Si che non sopra a mimosiña fêmea,
¿por que a túa mau tanto papel esuga?...
¿Non ves que a mama en que o teu lábeo zuga
é allea ó sol e ás luces da tolémea?

«¿Que las enxebres o teu nume carda?
¿Que tes inspiración, e vea, e nume?
¿Que es un vate xeneal?...» Parece que tarda

a grórea en acudir... ¿Vate!... ¿Que alcume!...
Creemo a min: quen fai todo ese lume
merece un pouco máis: ¡merce unha albarda!

Recoñecemento da arte do poeta da “musa das aldeas”:

Poida sere... é verdá... poder ser pode...
que el non sexa a lumiera a quen imita.
Pero ben: cando a cousa se medita...
Agarde, meu señor: non se incomode.

Se vosté da morriña se sacode
co craror do seu nume se limita,
verá que o patrio idioma resucita,
pois da lus ó recramo a lus acode.

Non se deixe rastrear pola corrente.
Algús levan no fígado as ideias
e vosté, meu cantor, lévaas na frente.

E se a se-la súa musa a das aldeias,
¿por que díaño vosté non ten presente
que as súas rimas son dinas das alleias?

Exercicio metapoético onde o eu fala da súa actividade de poeta e do amor:

Nada

¡Eu non sigo a ninguén! Ningunha escola
me foi mester pra deprender a vate:
nascín tolo, toliño de romate
e a un tolo dálle a mau sempre unha tola.

Soliños sempre os dous. Ela parola,
y ó ascoita-la súa vos de excelse orate
non sei que díaño no meu peito late,
nin sei que ferve nesta miña chola.

Quixote errante en pos de Dulcinea,
na amada diosa posta sempre idea.
camiñarei, quizais, cara ó imposible.

Pro en min non está xa retrocedere;
que anque non sei si quéreme ou non me quere
a deidá das deidás, xa non son libre...

Coa obra sonetística, Francisco Sánchez García entra nese diálogo cuns interlocutores situados a grande distancia no espazo e no tempo, contibuíndo a que o pasado, o presente e o futuro constitúan un camiño intermitente, unha patria común que une os poetas galegos con todos os poetas do mundo.

NOTAS

1 No século XIV Dante escribe os sonetos dedicados á súa amada Beatriz Portinari, recollidos no libro *Vita Nuova*.

2 No mesmo século, Francesco Petrarca escribe o *Canzoniere*, elevando o soneto á estrutura máis adecuada para a manifestación do sentimento amoroso.

3 Polas deficiencias formais dos *Sonetos fechos al itálico modo*, o arraigamento do soneto non se dá na literatura española até o século XVI, con Boscán.

4 Spenser é un dos primeiros autores en utilizar sonetos sen rima, toda unha innovación no século XVI.

5 Shakespeare desenvolveu unha habilidade única na poesía. O seu soneto, o soneto inglés, está composto por tres versetios e un dístico, diferente da composición orixinal de Petrarca.

6 In *A Vida e a Obra de Florbela Espanca*.

7 In Matos, Gregório de. *Obra Poética*.2, ed. Rio de Janeiro: Record, 1990, vol I, pp. 129-30.

8 Charles Baudelaire axudou a divulgar o soneto en *Les Fleurs du Mal*. Despois desta obra aparecen sonetos formados por cuartetos que non riman entre si. Os simbolistas chegaron a escribir sonetos cos tercetos antepostos aos cuartetos.

9 No modernismo aparecen sonetos polímtricos, que utilizan na mesma composición versos de diferente medida, destacando as combinacións de hendecasilabos e heptasilabos. Os versos van desde os trisílabos até os máis utilizados de catorce sílabas.

10 Desde Garcilaso até o Modernismo o soneto castelán tivo unha estrutura fixa nos oito primeiros versos (ABBA:ABBA). No soneto modernista úsanse tamén, por influencia do parnasianismo francés, as combinacións ABAB:ABAB e ABBA:CDDC.

11 Autor dos *Sonetos a Orfeo*.

12 Borges cultivou o soneto shakesperiano, formado por tres cuartetos e un pareado.

13 O poeta chileno escribe sonetos sen rima.

14 Lorenzo Varela é autor dun soneto de trece versos, titulado “Castelao”, composto para formar parte do libro *Castelao na voz dos poetas*, publicado por Edicións do Castro.

15 Autor do libro formado por 50 sonetos amorosos, *Alén do lume*, publicado no ano 2002 en Espiral Maior.

16 Este libro foi publicado na colección O Labreguiño, Ed. Chaira, Lugo, en 1999.

17 *Francisco Antonio Sánchez García, “Antón de Pepiño”. Obra escollida*.

18 “Un prolífico e descoñecido poeta galego: Francisco Antonio Sánchez García, Antón de Pepiño”, Concepción Delgado Corral, pp. 481-491.

19 Os catorce sonetos publicados en *El Eco de Galicia* co nome de Parnaso Gallego, figuran nun caderno autógrafa do autor con algunhas diferenzas que posibelmente se deban aos editores e non ao autor.

20 Soneto que figura como I na publicación.

21 No caderno autógrafa é *valenza*.

22 No caderno a composición dedicada a Curros é a número III, sendo a II a dedicada a Ponal.

23 No caderno é *vontá*.

24 No caderno figura *mais, Curros, contra*.

25 No caderno é *de*.

26 No caderno é *os*.

27 A pantasma

28 No caderno, *Alberto*.

29 No caderno, *carriña*.

30 No caderno, *¡Ay!*.

31 No caderno, *para mirar*.

32 No caderno, *mais*.

33 No caderno, *acodeu*.

34 No caderno, *maus*.

35 No caderno, *lenguaxe*.

36 No caderno, *excelso*.

37 No caderno, *madre*.

38 No caderno, *caer*.

39 No caderno, *grórea*.

40 O título que figura en *El Eco de Galicia* é “Urbano González Rivero”. No caderno risca “Rivero” e escribe “Varela”. Trátase do escritor e pintor santiagués Urbano González Varela, colaborador con debuxos

en moitas das revistas literarias publicadas en Galiza desde 1890 a 1906. Autor da poesía “¡Ela!”, á que se fai referencia noutro soneto dedicado a el na súa morte e que figura máis adiante co mesmo título da composición de González Varela.

- 41 No caderno, *porpaganda*.
- 42 No caderno, *gróreas*.
- 43 No caderno, *do hispano sol*.
- 44 No caderno, *adiviñas*.
- 45 No caderno, *dexergou*.
- 46 Buenos Aires, 1907.
- 47 Buenos Aires, 30 de xullo de 1919.
- 48 No caderno, *pois ten*.
- 49 No caderno, *a*.
- 50 No caderno, *si maino loa*.
- 51 No caderno, *e*.
- 52 No caderno, *hai*.
- 53 No caderno, *gallego*.
- 54 Buenos Aires, 10 de novembro de 1919.
- 55 No caderno, *si*.
- 56 No caderno, *que máis?*.
- 57 No caderno, *porpoñendollo*.
- 58 No caderno, *mais*.
- 59 Buenos Aires, 20 de agosto de 1912
- 60 *El Eco de Galicia*, 10 de abril de 1904, nº 449, p. 3.
- 61 *El Eco de Galicia*, 20 de abril de 1904, nº 450, p. 2.
- 62 Buenos Aires, 1902.
- 63 *El Eco de Galicia*, 10 de outubro, de 1904, nº 467, p. 6.
- 64 *El Eco de Galicia*, 30 de outubro, de 1904, nº 469, p. 6.
- 65 *El Eco de Galicia*, 20 de xullo, de 1905, nº 495, p. 5.
- 66 *El Eco de Galicia*, 20 de agosto, de 1905, nº 498, p. 5.
- 67 *El Eco de Galicia*, 10 de febreiro, de 1907, nº 551, p. 4.
- 68 Sonetos escritos expresamente para o *Almanaque Gallego* baixo o título de O berce de ouro.
- 69 No caderno risca a palabra *latido*, que substitúe por *ruído*.
- 70 No caderno risca *doce* que substitúe por *leda*.
- 71 *El Eco de Galicia*, 30 de novembro, de 1906, nº 544, p. 6.
- 72 *El Eco de Galicia*, 30 de setembro, de 1906, nº 538, p. 4.
- 73 *El Eco de Galicia*, 30 de xuño, de 1906, nº 529, p. 7.
- 74 Casa do sacretáreo.
- 75 Buenos Aires, 1905.
- 76 *El Eco de Galicia*, 10 de xaneiro, de 1907, nº 548, p. 6.